



Nº Expediente: 2017/C003/000007

Asunto: Contratación de REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS

MESA DE CONTRATACIÓN (4)

ACTA DE VALORACIÓN DA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA PARA XUSTIFICAR A OFERTA CONSIDERADA ANORMAL OU DESPROPORCIONADA PRESENTADA POR UNHA EMPRESA LICITADORA

Obra: REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS

Importe de licitación: 118.544,88 IVE incluído (Prezo sen IVE 97.970,97 €; IVE: 20.573,90 €)

ASISTENTES

PRESIDENTE:

Don Pablo Diego Moreda Gil, alcalde

VOGAIS:

Dona María José Rodríguez Pérez, concelleira

Dona Ana Velo Ruiz, secretaria do concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal.

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

Non asisten os vogais don José Camilo Casal García, concelleiro, e don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 13:40 horas do luns 4 de decembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, previa a comprobación da existencia de quorum, co obxecto de proceder á valoración da documentación requirida para xustificar a oferta considerada anormal ou desproporcionada presentada pola empresa Lancer, proyectos y obras, S.A.

A empresa Lancer, proyectos y obras S.A. presenta con data 30.11.2017 (R.E. 2017/999/682) documentación xustificativa da oferta presentada.

Previas as comprobacións da presentación en prazo da documentación desta empresa, non consta a recepción do requirimento con data 24.11.2017, aínda que sí se acredita debidamente no expediente o correcto envío de fax ese día. Por isto, a Secretaria e o Interventor consideran que a documentación foi presentada fóra de prazo. Non obstante o Alcalde e a concelleira María José Rodríguez manifestan dúbidas con respecto ao inicio do prazo de presentación da documentación, ao enviarse o requirimento o venres 24.11.2017 a última hora, podendo ser que fose recepcionado o luns seguinte, polo que consideran necesario requirir á empresa LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. que acredite por escrito a data de recepción do requirimento de documentación enviada o día 24.11.2017, para os efectos de comprobación do prazo da documentación presentada mediante a Sede electrónica con data 30.11.2017.



A continuación dáse lectura ao informe redactado polo Sr. arquitecto municipal con data 04.12.2017, do cal se desprende que non se xustifica suficientemente a oferta presentada, considerada con valores anormais ou desproporcionados, no punto relativo ao volume da obra, constando as seguintes observacións:

“Faise unha relación das obras contratadas e dos medios dispoñibles, sen establecer razoadamente como incide dita relación nos prezos ofertados. Na memoria faise unha simple exposición de obra contratada e medios, indicándose que se pode “apreciar”, sen xustificarse. Este criterio podería xustificarse con que os medios dos que se dispón están dispoñibles na data de execución da obra en licitación, sen que se interrompan cos prazos de execución das restantes obras que se teña contratadas”.

Por todo isto, a Mesa acorda:

1.- Con 2 votos en contra da Secretaria e o Interventor, e 2 votos a favor do Alcalde e a Concelleira, desempatando co voto de calidade do Sr. alcalde, Presidente da Mesa de contratación, **requirir** á empresa LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. que acredite por escrito a data de recepción do requirimento de documentación enviada o día 24.11.2017, para os efectos de comprobación do prazo da documentación presentada mediante a Sede electrónica con data 30.11.2017.

2.- Aprobar a valoración realizada polo Sr. arquitecto municipal con data 04.12.2017 no relativo á xustificación dos prezos ofertados e á relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada, pero en canto ao criterio de volume de obra, **requirir** á empresa LANCER, PROYECTOS Y OBRAS, S.A. que xustifique dunha forma máis detallada o aspecto relativo a este criterio, motivado nas observacións que constan no citado informe do Sr. arquitecto municipal.

A documentación a requirir nos puntos 1 e 2 deberá ter entrada no Rexistro xeral do Concello de Cedeira antes do luns 11 de decembro ás 13:00 horas.

3.- Reunirse de novo para determinar si se acepta como válida a documentación que se presente, logo do informe que emita o Sr. arquitecto municipal.

4.- Publicar na páxina web do Concello de Cedeira a presente acta.

O presidente dá por rematada esta sesión ás 14:30 horas do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.



Expediente: 2017/C003/000007
Asunto: REPARACIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS MUNICIPAIS
Promotor: Concello de Cedeira
Procedemento: Contratación de obras
PRAZO DE EXECUCION: 8 semanas (56 días)
PRESUPOSTO:
 PEM: 82.328,55 €
 PEM + GG + BI: 97.970,97 €
 IVE: 20.573,90 €
 PRESUPOSTO MAXIMO: 118.544,87 €
Trámite: Xustificación carácter desproporcionado ou anormal da oferta

INFORME TECNICO

1. FINALIDADE E ALCANCE DO INFORME:

Visto que a/s oferta/s presentada/s polo/s licitadores, a mesa de contratación presume fundadamente que algunhas delas non poida ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, polo que notificados e aportada a documentación xustificativa, remite esta para que se informe en base ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP), que establece os seguintes criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

1. Xustificación dos prezos ofertados
2. Volume de obra
3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada

Licitadores con baixas desproporcionadas ou anormais:

Licitador	Oferta en € (con IVE)	Valor estimado proxecto en € (con IVE)	Diferenza en €	Diferenza en %
LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A.	98.570,06	118.544,87	19.974,81	16,85

2. CONSIDERACIONS:

Analízanse as ofertas anormalmente baixas con relación as obras, dende o punto de vista técnico, en base aos documentos aportados, ao proxecto, cós criterios establecidos no PCAP e coa referencia da normativa de aplicación.

EMPRESA

1. Xustificación dos prezos ofertados:

Criterio	Consta	Observacións
Materiais		
Compra		
• Carta de compromiso dos provedores	Si	Aporta carta de compromiso para os materiais con maior repercusión na obra, a emulsión e betún, cun prezo vantaxoso.
• Prezos detallados	Si	
Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición de canteiras, almacén		



ou similares

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público Si Canteira, planta de MBC

Maquinaria

Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos Si

Medios propios

- Relación detallada da maquinaria Si

I. Oferta detallada por unidades de obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico Si

Elaborase a oferta por unidades de obra sen adaptarse exactamente aos prezos descompostos do proxecto, pero si permite establecer elementos de xuízo sobre a xustificación dos prezos ofertados.

Criterio SI xustificado.

2. Volume de obra:

Criterio	Consta	Observacións
Neste caso o licitador deberá xustificar que presentou a oferta con valores anormais ou desproporcionados, a relación existente entre as obras que teña contratadas ou en execución e os medios persoais e materiais que dispón e determinar como incide esta relación nos prezos ofertados.	Si	Faise unha relación das obras contratadas e dos medios dispoñibles, sen establecer razoadamente como incide dita relación nos prezos ofertados. Na memoria faise unha simple exposición de obra contratada e medios, indicándose que se pode "apreciar", sen xustificarse. Este criterio podería xustificarse con que os medios dos que se dispón están dispoñibles na data de execución da obra en licitación, sen que se interrompan cós prazos de execución das restantes obras que se teña contratadas.

Criterio NON xustificado.

3. Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada:

Criterio	Consta	Observacións
Xustificarse mediante a achega da nómina do persoal laboral fixo e declaración responsable da obra en execución.	Si	Faise referencia ao ITA.

Criterio SI xustificado, sen prexuízo, si procede, das consideracións dos servizos xurídicos e/ou económicos.

3. CONCLUSIONS:

A vista do exposto, emítense as seguintes conclusións dende o punto de vista técnico:

- 3.1 O licitador LANCER PROYECTOS Y OBRAS, S.A. NON xustifica o carácter desproporcionado ou anormal da oferta, de acordo ao exposto no presente informe.



- 3.2 De acordo coa Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febrero de 2014 sobre contratación pública, para apreciar si as ofertas resultan anormalmente baixas, debe analizarse dende o punto de vista técnico, económico e xurídico.

Tendo en conta que o presente informe elabórase dende o punto de vista técnico, procede que se realice unha análise das ofertas anormalmente baixa dende o punto de vista económico e xurídico.

- 3.3 Nas obras municipais, os PCAP deben clarificar a documentación e criterios de xustificación das ofertas con valores anormais ou desproporcionados, en particular a numeración que resulta incorrecta, e indicar expresamente os medios de xustificación, que permita valorar a documentación.

O que se comunica á Mesa de Contratación aos efectos oportunos.

Cedeira, asinado dixitalmente polo arquitecto municipal, Antonio Rodríguez Fabello

